

## **Índice de vendas de comercio polo miúdo. Novembro 2006 COMUNICADO**

---

### **As vendas no mes de novembro de 2006 do comercio polo miúdo aumentan un 13,9% con respecto a doce meses antes**

#### **As vendas no comercio polo miúdo en Galicia aumentaron un 13,9% en novembro de 2006 respecto ao mesmo mes do ano anterior**

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo en Galicia, que mide das variacións mensuais nas vendas das empresas con esa actividade principal, rexistrou no mes de novembro de 2006 un incremento interanual do 13,9%, en termos correntes, cifra que se mantén cando se corrixe a serie do efecto producido polo calendario, é dicir, cando se elimina a influencia do distinto número de días hábiles e non hábiles entre un mes e outro. No acumulado do ano o incremento situouse no 9,3%, un 9,1% se o corriximos polo calendario.

Se analizamos as vendas en termos correntes por produto, no mes de novembro producíronse incrementos interanuais en todos os apartados estudados: alimentación (3,4%), equipamento da persoa (4,7%), equipamento do fogar (9,1%) e no apartado de outros produtos (31,1%).

#### **As vendas nas grandes superficies non especializadas de Galicia aumentaron un 8,2% con respecto ao mesmo mes do ano anterior**

Se clasificamos as vendas segundo a actividade da empresa, o índice de comercio especializado de novembro de 2006 aumentou en termos correntes un 17,2%, con respecto ao mesmo mes de 2005, e o do comercio en establecementos non especializados un 8,2%.


Dentro deste último, o indicador das vendas en empresas con actividade principal o comercio polo miúdo e que dispoñan de algún establecemento con superficie de venda superior aos 2.500 m<sup>2</sup>, presenta en novembro unha taxa de variación anual do 8,1%, en termos correntes, e un 5,2% no acumulado do ano.

**Índice de vendas de comercio polo miúdo. Novembro 2006.**  
**Datos provisionais**

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Xeral	142,3	13,9%	9,3%
Xeral (corrixido de calendario)	142,8	13,9%	9,1%
<b>Por actividade</b>			
Especializado	141,8	17,2%	12,3%
Non especializado	137,8	8,2%	3,3%
Grandes superficies	160,3	8,1%	5,2%

FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral dende 1999.



FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>